

Ás veces, un premio, un recoñecimento, unha simple valoración dunha obra, poden ser alicerces de axuda, expresión moral e mesmo material dunha aperta máis ou menos colectiva. E digo "ás veces" porque obxectiva e dialecticamente é a xente, os lectores, ou a Historia, o Tempo, os Anos, os que en realidade dan fe do interese que un traballo literario pode ofrecer.

Penso que a distancia sempre leva menos perxuícios á hora de valorar o conxunto dunha obra literaria. Exemplos abondosos nos amosa a Historia de escritores ou escritoras que no seu tempo foron moi louvados e despois, en épocas posteriores, esquecidos. E ao revés, escritores e escritoras silenciados no seu tempo e festexados unha vez acontecido o seu pasamento.

Sabemos que os escritores baten, nos anos da súa vida, e contra ben pexas de diversa caste que poden incidir no seu traballo de xeito negativo. O poder, nestes casos, é un imán e ao mesmo tempo unha espada, conceptos estes, ou imaxes, que andan a xogar arreo nas liortas constantes da vida. Pero sobre eles érguese, ou ten que se erguer, a LIBERDADE, (palabra hoxe tan gasta, tan manexada que mesmo perdeu o seu sentido), e a partir dela, con ela mesma, crear mundos, desenvolver historias, dialogar cun mesmo ou coa xente, cos personaxes, sen o medo a que esa espada se poida ceibar ou a que ese imán poida desenvolver toda a súa atracción. Sempre dependerá dos intereses que o faedor de libros amose ante a sociedade ou os dirixentes dela.

Quixera deixar patente, pois, que a LIBERDADE xoga hoxe e aquí dun xeito ben diferente ao que pode xogar noutra parte do Mundo, mesmo da Península Ibérica, e este modo diferente ten tamén a súa expresión na vida literaria. Escrebemos nun País sen liberdade nacional, nun idioma non normalizado e para unhas

xentes -no mellor dos casos⁷ abouradas por tal situación. Hai alguén, por outra parte, que di que aquí todo está resolto, e eu penso, non obstante, que o que quere afirmar é que está pola atracción do imán ao que antes me refería.

A nosa liberdade de escritores, en fin, é debile. E éo porque estamos a comezar unha obra mesmo onte agachada que aínda non atopa o campo sementado de rosas; as rosas, feliz ou triste poema da nosa angúria, pois o xardin, no inverno, non as dá, está ermo, aínda que sabemos que na primavera frolecerá, e a primavera será tanto máis escintillante canto máis duro se amose o inverno.

Se o País é este, o labor de todos -e TODOS é unha palabra que abrangue en plenitude, que se pecha como unha roda de nenos e nenas a xogar nos rueiros ou Prazas de Galiza- o labor de todos, digo, é necesario.

É necesario o idioma, pois é a arma do povo, a arma do escritor coa que traballa e moldea a palabra. É necesaria a súa riqueza, pois coutala é coutar a mesma obra literaria, a expresión colectiva; e a variedade. É necesaria, pois, a súa función ampla na sociedade, actuante, forte como un castelo que poida resistir os empurros sen tan sequer tremar unha miga, que poida frear sentencias traguidas desde o exterior como a de IMPONER o "non deber" de coñecer a nosa lingua que é o mesmo, a efectos prácticos, que negar a propia existencia dun idioma de noso. Se nos rouban a nosa voz ficamos capados -en palabras de Manuel Maria-. É aí o labor que a Historia nos pide neste momento, pero que nos pide a TODOS, e máis, se cabe, aos que aquí estamos reunidos.

Non é o momento do ichó, nen do dogmatismo, nen de queimar etapas nun súpeto que poden desfacer o desenvolvemento aberto do

noso idioma. Hai variedade de expresións, diferentes formas da escrita: é unha realidade actuante no noso País e non se poden cerrar os ollos ^{perante} ~~ante~~ ela. A palabra é necesaria hoxe, o diálogo, e o traballo de TODOS para endireitar o comun, / mesmo que na partida poida parecernos pobre, un vermiño, un vagalume, pero o vagalume ten luz que brilla na noite. Que xamais non se poida dicir que este escritor ou escritora é malo ou bo segundo a escrita que utilice. Síntome feliz, pensando que o Prémio Blanco Amor instituído polos Concellos do noso País, ofrece esa liberdade e respeita a realidade existente na escrita. É un exemplo a espallar, se queren a oficializar, se ~~queremos~~ ^{tentamos} que o idioma ensinado permañeza e se fortaleza, se non queremos os reinos de Taifas nen os ichós nen as tribos, se non queremos aturar traducións dos noso clásicos -Otero Pedrayo, Castelao, Rosalia...- que deforman salvaxemente, non só a forma da súa expresión senón até os conceptos cos que xogaron. Escuro drama, este, que na nosa situación non nos podemos permitir e que mesmo enrubiaria, de vivir, aos nosos creadores. É un luxo a discriminación pola escrita que o País non pode permitir.

Galiza ha frolecer en mil primaveras se nós queremos. A representación institucional desta Galiza no eido da cultura, ten moito que aproveitar, moito que impulsar. Non valeria de nada a creación de Organismos que nacesen mortos e non ^{empu-} ~~impul-~~ ^{rasen} ~~sevan~~ a cultura viva que vive ou morre, loita ou parálizase, ás veces no silencio, ás veces no heroísmo.

Seria anguriantes non aproveitar a nosa historia cultural na súa realidade propia, tal como foi e como se deu; a homes e mulleres que ollan na gaveta o froito do seu traballo, esquecidos ou silenciados, desterrados no seu propio País. Non fagamos polémicas de teima, de "esguello" ou de "liñas"

que só levan o fin de montar o clan; arexemos, pola contra, o que hai, o que se fai, deamos esa oportunidade a todos, aos novos, e xa a xente, a historia, se encargará da súa selección. Deamos a posibilidade de que as editoriais, TODAS, se fortalezan, pero TODAS e en igualdade, e despois poidan seleccionar non pola axuda económica oficial baixo presupostos pre-establecidos, nen polo interés de meter nos Centros de Ensino este ou aquel nome, nen pola normativa, senón pola calidade e pola aportación valiosa á nosa cultura escrita. Aproveitemos institucións representativas de escritores e escritoras para que nos Xuris haxa persoas que traballan cada día coa palabra, o abano necesario das ideas para que unha determinada non sexa a que domine, a que sempre ou case sempre domine.

Non gustaria, no meu cativo oficio de escritor, facer algo, un libro, que comezase por dicir: "Erase un País situado á beira do mar, aló no Noroeste...". Si gosto, e nilo está o meu esforzo, de comezar por dicir,: "Existe un País borri-fado de verde e máis azul, formado por homes e mulleres de mirada noble e clara, donos de si, da súa palabra e da súa História, que se chama Galou". Pero aínda que hoxe non o poidamos dicir, a non ser que fagamos romances nos que Merlin nos fale de mil cousas maravilosas, podemos crear historias tristes ou ledas, pero historias nosas, e contar, por exemplo, que un ano morreu un dos novelistas máis grandes -se non o mellor- que deu Galiza para as súas letras e as do Mundo, e que se chamaba, que se chama, Eduardo Blanco Amor. E pouco máis tarde un abano de concellos -non todos- xuntáronse para honrar

a sua memória e percurar que fose recoñecido o seu labor de galego e escritor. Naceu así o Prémio de novela Eduardo Blanco Amor sufragado polos concellos que se uniron non só para dinamizar a vida cultural no eido narrativo, senón tamén para popularizar a súa obra que non debería faltar en nengun dos fogares da nosa nación. A pesar dos avatares históricos que se produciron desde a súa creación, o Prémio segue a ter unhas Bases que no global levan o sentido de liberdade e de impulso para as nosas Letras, xa que nelas, en xeral, non está contida nen a discriminación nen a selección ^{estudada} ~~premeditada~~. É, desde logo, un acerto, un exemplo, quizais un esforzo para moitos pequenos concellos que a pesar de todo seguen mantendo. A súa lista honra non só a Eduardo Blanco Amor senón á mesma Galiza.

Debido a isto, hoxe temos unha nova novela nas librerías de Galiza. Posibelmente, de non ser pola benevolencia quizais inmerecida do Xuri, A CANCIÓN DO VAGAMUNDO quedaría no caixón da mesa do meu escritorio. Mais sexa polo que sexa aí está, a vostés, á xente, de todo corazón, lle é ofrecida. Nela olla rán este País - o meu Monsfor familiar, o Cálibes de ecos senardosos, o meu Lugh de adoución- a través de moitos persoaxes que tratan de vivir, de falar, que xa non é pouco. Gostaranlles ou non, disfrutarann ou non, pero teñan por seguro de que é froito dun esforzo para comigo mesmo e co meu propio País. Sen menoscabar calquera tipo de escola ou moda, unha obsesión centrou os dous anos deste traballo: romper o silencio e dicir que, pésie a todo, a máxia, a pantasia, a fuxida da realidade, son posíbeis, mais non convenientes como fin hoxe e aquí. A literatura, en palabras dun escritor noso a raíz doutro premio, hoxe, corre o perigo de se desnacionalizar. Nese caso perderíamos a nosa propia identidade que,

obviamente, non está reñida co universalismo, co coñecimento e intercámbios das distintas culturas nacionais.

Aqui, pois, quedan as miñas palabras, coa esperanza -pois esperanza levan- de que sexan escoitadas e sentidas e, ao menos nos aspectos fundamentais, compartidas.

Acabo co recoñecimento a Ribadeo, esta cidade da luz e do azul na que os do interior vimos aledar de cando en vez a nosa ollada e o noso espírito canso do trafego; ao seu Concello que non sen traballo, recolleu este ano a representación dos outros que se identificaron co labor cultural de Eduardo Blanco Amor; a todos aqueles que dun ou doutro xeito participan en potenciar e impulsar a nosa cultura nacional. Moitas gracias a todos.

Ribadeo, a 13 de Decembro de 1986